

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**14036** Orde FOM/1051/2018, do 24 de setembro, pola que se modifica o anexo III do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.

O anexo III do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, establece os códigos e os grupos que se asignan ás mercadorías que utilizan as instalacións portuarias dos portos de interese xeral, e estes últimos son os que se utilizan para a determinación da cota íntegra da taxa da mercadoría, no suposto recollido no artigo 214.a) 2.º 1 do citado texto refundido.

A determinación do código asignable ás mercadorías, que recolle o citado anexo III, adécuase ao anexo I do Regulamento (CEE) n.º 2658/87 do Consello, do 23 de xullo de 1978, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común. O anexo I recolle a nomenclatura de mercadorías do sistema alfandegueiro común da Unión Europea, denominada «nomenclatura combinada», que serve para establecer ao mesmo tempo as exixencias do arancel alfandegueiro común e as estatísticas do comercio exterior da Unión Europea.

O artigo 12 do Regulamento (CEE) n.º 2658/87 do Consello, do 23 de xullo, prevé a revisión pola Comisión Europea da nomenclatura combinada, mediante a aprobación dun regulamento comunitario.

O Regulamento de execución (UE) n.º 1001/2013 da Comisión, do 4 de outubro de 2013, o Regulamento de execución (UE) n.º 1101/2014 da Comisión, do 16 de outubro de 2014, o Regulamento de execución (UE) n.º 2015/1754 da Comisión, do 6 de outubro de 2015, o Regulamento de execución (UE) n.º 2016/1821 da Comisión, do 6 de outubro de 2016, e o Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1925 da Comisión, do 12 de outubro de 2017, polos que se modifica o anexo I do Regulamento (CEE) n.º 2658/87 do Consello, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel alfandegueiro común, modificaron os códigos asignados a algunhas mercadorías.

As últimas modificacións do anexo I do Regulamento (CEE) n.º 2658/87 afectan os códigos que se asignan a algunhas mercadorías recollidos no anexo III do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante sen afectaren os grupos asignados, xa que estes se determinan con base no valor da mercadoría.

O obxecto desta orde é modificar o código que se asigna ás mercadorías no anexo III da citada lei co fin de adaptalo á nova nomenclatura combinada aprobada pola Comisión Europea. Pola súa vez, para lograr un mellor tratamento da información por parte dos servizos estatísticos das autoridades portuarias, faise necesaria a creación de subcódigos que permitan identificar distintos compoñentes dunha mesma mercadoría.

As modificacións que se levan a cabo non afectan a contía da taxa da mercadoría. Os códigos que se suprimen son substituídos por outros novos incluídos no grupo tarifario, salvo que non sexa necesario debido a que os produtos afectados xa non son obxecto de tráfico mercantil nos portos españois.

A norma adécuase aos principios de boa regulación, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia e co obxectivo de levar a cabo a avaliación periódica do ordenamento xurídico, xa que as modificacións introducidas están motivadas, por un lado, pola exixencia de adaptar os códigos que se asignan a algunhas mercadorías á «nomenclatura combinada» modificada polos regulamentos da Comisión Europea e, por outro, para lograr un mellor tratamento da información por parte dos servizos de estatística das autoridades portuarias. Así mesmo, adécuase aos principios de proporcionalidade e seguridade xurídica e é coherente co resto do ordenamento xurídico en canto que é a

única alternativa posible, prevista no texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante. Tampouco impón novas obrigacións ou cargas aos destinatarios, posto que non produce ningún impacto económico na taxa de mercadorías e en todo momento se garantiu a participación do sector na elaboración da norma.

Esta orde dítase en virtude da habilitación outorgada ao ministro de Fomento na disposición adicional décimo oitava do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Na súa virtude, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do anexo III do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro.*

O anexo III do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, queda modificado como segue:

Un. Suprímense do anexo III do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante os seguintes códigos e grupos de mercadorías:

Código	Grupo	Descrición
2523B	1	Cementos hidráulicos, a granel (incluídos os cementos sen pulverizar ou clínker), aínda que estean corados.
2713B	2	Coque de petróleo calcinado, betume de petróleo e demais residuos dos aceites de petróleo ou de minerais bituminosos.
2714	1	Betumes e asfaltos naturais, lousas e areas bituminosas, asfaltitas e rochas asfálticas.
2848	4	Fosfuros, aínda que non sexan de constitución química definida, con exclusión dos ferrofósforos.
2853	4	Os demais compostos inorgánicos (incluída a auga destilada, de condutibilidade ou do mesmo grao de pureza); aire líquido, aínda que se lle eliminasen os gases nobres; aire comprimido; amálgamas, excepto as de metal precioso.
3826B	2	Bioetanol obtido a partir do procesamento de materia de orixe renovable (cana de azucre e/ou derivados como melaza; sorgo doce; sorgo vermello; remolacha; etc.); en particular, certas plantas con azucres.
6907	2	Placas e baldosas, de cerámica, sen vernizar nin esmaltar, para pavimentación ou revestimento; cubos, dados e artigos similares, de cerámica, para mosaicos, sen vernizar nin esmaltar, mesmo con soporte.
6908	2	Placas e baldosas, de cerámica, vernizadas ou esmaltadas, para pavimentación ou revestimento; cubos, dados e artigos similares, de cerámica, para mosaicos, vernizados ou esmaltados, mesmo con soporte.
8469	5	Máquinas de escribir, excepto as impresoras da partida 8471; máquinas para o tratamento ou procesamento de textos.
8701	5	Tractores (excepto as carretas tractor da partida 8709).
8702A	5	Vehículos automóbiles para o transporte de dez persoas ou máis, condutor incluído, excluídos os vehículos eléctricos ou híbridos.
8702B	4	Vehículos automóbiles eléctricos ou híbridos para o transporte de dez persoas ou máis.
8703A	5	Automóbiles de turismo e demais vehículos automóbiles concibidos principalmente para transporte de persoas (excepto os da partida 8702), incluídos os de tipo familiar e os de carreiras, que non sexan eléctricos ou híbridos (cun peso de máis de 2.500 kg).
8703B	4	Automóbiles de turismo e demais vehículos automóbiles concibidos principalmente para transporte de persoas (excepto os da partida 8702), incluídos os de tipo familiar e os de carreiras, que sexan eléctricos ou híbridos (cun peso de máis de 2.500 kg).
8703C	5	Automóbiles de turismo e demais vehículos automóbiles concibidos principalmente para transporte de persoas (excepto os da partida 8702), incluídos os de tipo familiar e os de carreiras, que non sexan eléctricos ou híbridos (cun peso de até 2.500 kg).
8703D	4	Automóbiles de turismo e demais vehículos automóbiles concibidos principalmente para transporte de persoas (excepto os da partida 8702), incluídos os de tipo familiar e os de carreiras, que sexan eléctricos ou híbridos (cun peso de até 2.500 kg).
8704A	5	Vehículos automóbiles para o transporte de mercadorías.
8716A	5	Remolques e semirremolques para calquera vehículo, os demais vehículos non automóbiles, até 1.500 kg de peso, e partes.
8716C	5	Remolques e semirremolques para calquera vehículo, os demais vehículos non automóbiles, de máis de 1.500 kg de peso, e partes.

Dous. Incorporáranse ao anexo III do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante os seguintes códigos e grupos de mercadorías:

Código	Grupo	Descrición
2523B	1	Cementos hidráulicos, a granel, aínda que estean corados.
2523C	1	Cementos sen pulverizar ou clínker, a granel, aínda que estean corados.
2713B	2	Coque de petróleo calcinado.
2713C	2	Betume de petróleo e demais residuos dos aceites de petróleo ou de minerais bituminosos.
2714A	1	Betumes e asfaltos naturais.
2714B	1	Lousas e areas bituminosas, asfaltitas e rochas asfálticas.
2853	4	Fosfuros, aínda que non sexan de constitución química definida, excepto os ferrofósforos; os demais compostos inorgánicos (incluída a auga destilada, de condutividade ou do mesmo grao de pureza); aire líquido, aínda que se lle eliminasen os gases nobres; aire comprimido; amálgamas, excepto as de metal precioso.
6907	2	Placas e baldosas, de cerámica, para pavimentación ou revestimento; cubos, dados e artigos similares, de cerámica, para mosaicos, mesmo con soporte; pezas de acabado, de cerámica.
8701A	5	Tractores novos (excepto as carretas tractor da partida 8709).
8701B	5	Tractores usados (excepto as carretas tractor da partida 8709).
8702C	5	Vehículos automóbiles para transporte de dez persoas ou máis, incluído o condutor, excluídos os vehículos eléctricos ou híbridos, novos.
8702D	5	Vehículos automóbiles para transporte de dez persoas ou máis, incluído o condutor, excluídos os vehículos eléctricos ou híbridos, usados.
8702E	4	Vehículos automóbiles eléctricos ou híbridos para o transporte de dez persoas ou máis, incluído o condutor, novos.
8702F	4	Vehículos automóbiles eléctricos ou híbridos para o transporte de dez persoas ou máis, incluído o condutor, usados.
8703E	5	Automóbiles de turismo e demais vehículos automóbiles concibidos principalmente para transporte de persoas (excepto os da partida 8702), incluídos os de tipo familiar e os de carreiras, que non sexan eléctricos ou híbridos (cun peso de até 2.500 kg), novos.
8703F	5	Automóbiles de turismo e demais vehículos automóbiles concibidos principalmente para transporte de persoas (excepto os da partida 8702), incluídos os de tipo familiar e os de carreiras, que non sexan eléctricos ou híbridos (cun peso de até 2.500 kg), usados.
8703G	4	Automóbiles de turismo e demais vehículos automóbiles concibidos principalmente para transporte de persoas (excepto os da partida 8702), incluídos os de tipo familiar e os de carreiras, que sexan eléctricos ou híbridos (cun peso de até 2.500 kg), novos.
8703H	4	Automóbiles de turismo e demais vehículos automóbiles concibidos principalmente para transporte de persoas (excepto os da partida 8702), incluídos os de tipo familiar e os de carreiras, que sexan eléctricos ou híbridos (cun peso de até 2.500 kg), usados.
8703I	5	Automóbiles de turismo e demais vehículos automóbiles concibidos principalmente para transporte de persoas (excepto os da partida 8702), incluídos os de tipo familiar e os de carreiras, que non sexan eléctricos ou híbridos (cun peso de máis de 2.500 kg), novos.
8703J	5	Automóbiles de turismo e demais vehículos automóbiles concibidos principalmente para transporte de persoas (excepto os da partida 8702), incluídos os de tipo familiar e os de carreiras, que non sexan eléctricos ou híbridos (cun peso de máis de 2.500 kg), usados.
8703K	4	Automóbiles de turismo e demais vehículos automóbiles concibidos principalmente para transporte de persoas (excepto os da partida 8702), incluídos os de tipo familiar e os de carreiras, que sexan eléctricos ou híbridos (cun peso de máis de 2.500 kg), novos.
8703L	4	Automóbiles de turismo e demais vehículos automóbiles concibidos principalmente para transporte de persoas (excepto os da partida 8702), incluídos os de tipo familiar e os de carreiras, que sexan eléctricos ou híbridos (cun peso de máis de 2.500 kg), usados.
8704B	5	Vehículos automóbiles para o transporte de mercadorías cun peso de até 2.500 kg, novos.
8704C	5	Vehículos automóbiles para o transporte de mercadorías cun peso de até 2.500 kg, usados.
8704D	5	Vehículos automóbiles para o transporte de mercadorías cun peso de máis de 2.500 kg, novos.
8704E	5	Vehículos automóbiles para o transporte de mercadorías cun peso de máis de 2.500 kg, usados.
8716D	5	Remolques e semirremolques para calquera vehículo, os demais vehículos non automóbiles, de até 2.500 kg de peso, e partes, novos.

Código	Grupo	Descrición
8716E	5	Remolques e semirremolques para calquera vehículo, os demais vehículos non automóbiles, de até 2.500 kg de peso, e partes, usados.
8716F	5	Remolques e semirremolques para calquera vehículo, os demais vehículos non automóbiles, de máis de 2.500 kg de peso, e partes, novos.
8716G	5	Remolques e semirremolques para calquera vehículo, os demais vehículos non automóbiles, de máis de 2.500 kg de peso, e partes, usados.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de portos de interese xeral.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor desta orde.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de setembro de 2018.—O ministro de Fomento, José Luis Ábalos Meco.